

21^o

Oemach atlántico

26, 27 e 28 de xullo
Sedes – Narón

ACENDIDO DO LUME LEILÍA RILO&PENADIQUE OBRADOIROS
TIRULEQUE MAMÁCABRA A NOITE NO CASTRO
MEXILLOADA+ REPICHOCA CUARTETO RINCHÓN PELEPAU
TEATRO COMUNITARIO DE SEDES EXHIBICIÓN DE CAN DE PALLEIRO ALXIIBEIRA
MERCADO DE ARTESANÍA BANDA DE GAITAS RECREACIÓN DE OFICIOS
GARABATO DE XOGOS XOGOS PAPORRUBIO ELEFANTE ELEGANTE



Asociación de Veciños
ROSA DOS VENTOS
Sedes - Narón

//ABANCA



FACENDO HISTORIA

O Oenach é un evento multidimensional con base etnográfica e antropolóxico-cultural que busca recrear as raíces da cultura e os modos de vida rurais a partir da cultura castrexa. O festival ten lugar arredor da reconstrución dun grupo de pallozas no cal, durante tres intensas xornadas, se recrea a vida cotiá dunha aldea castrexa, e onde se realizan tamén diversas tarefas cos obxectos da época. Isto dá lugar á celebración dunha feira de artesanía galega e dunha feira rural con produtos do campo e mercado aberto.

Pero, ademais, Oenach Atlántico inclúe diversas actividades entre as que destacamos o prendido do lume, espectáculos musicais, obradoiros, teatro ou degustación gastronómica de Porco Celta.

Este evento, que naceu hai xa vinteún anos, actúa como un dinamizador esencial da veciñanza de Sedes, lugar onde se sitúa este festival que nace arredor dunha localización singular: A Feira do Trece, un espazo de encontro e de comercio que tivo o seu apoxeo na segunda metade do século XX.

UN PROXECTO SINGULAR

O Oenach Atlántico é unha das festas con maior percorrido para a difusión e promoción da cultura celta que temos en Galicia. A paixón e implicación dos veciños e veciñas da parroquia de Sedes durante estes anos lograron asentir unha festa que asumiu o reto de consolidarse coma un proxecto maduro.

Para festexar esta data tan importante, o Concello de Narón aposta por unha proposta organizativa cunha programación moi diversa, de calidade e para todos os públicos, centrada no motivo obxectivo do evento. Por esta razón, tanto a selección artística como a estética son dúas das liñas principais do traballo para esta nova edición na que a música, o teatro, a artesanía, ou a gastronomía intentarán achegar ao público uns contidos culturais á altura dunha festa de Interese Turístico de Galicia.



OS ESPAZOS



#1. A campa

#2. Zona de xantar

#3. Zona de artesanía

#4. Actividades infantís

#5. Escenario concertos

#6. Taberna Oenach

HORARIOS	PROGRAMACIÓN VENRES 26	HORARIOS	PROGRAMACIÓN DOMINGO 28
22.30h 22.45h	Acendido do lume Concerto LEILÍA	11 a 14h	Mercadiño de artesanía Recreación de oficios na campa Obradoiros Actividade familiar con GARABATO DE XOGOS
HORARIOS	PROGRAMACIÓN SÁBADO 27		
11 a 14h	Mercadiño de artesanía Recreación de oficios na campa Obradoiros Actividade familiar con GARABATO DE XOGOS	11:30h 12h 13h	Animación musical con CUARTETO RINCHÓN Exhibición de can de paleiro Recreación teatral na campa
11.30h 12h 13:30h	Animación musical con CUARTETO RINCHÓN Actuación infantil con RILO&PENADIQUE Concerto: sesión vermú con TIRULEQUE	16 a 19h	Mercadiño de artesanía Recreación de oficios na campa Obradoiros Actividade familiar con GARABATO DE XOGOS
16 a 19h	Mercadiño de artesanía Recreación de oficios na campa Obradoiros Actividade familiar con GARABATO DE XOGOS	16.30h 16.30h 17h 18h	Animación musical con CUARTETO RINCHÓN Actividade familiar con XOGOS PAPORRUBIO BANDA DE GAITAS- Padroado de Cultura de Narón Grupo de danza tradicional ALXIBEIRA - Padroado de Cultura de Narón
16h 17h 18h 22.30h 24h	Animación musical con CUARTETO RINCHÓN Actuación infantil con MAMÁ CABRA Animación musical con CUARTETO RINCHÓN A NOITE NO CASTRO - Teatro Comunitario Sedes Mexilloada e repichoca na campa	18.15h 19h	Espectáculo infantil 'A danza da choiva' con ELEFANTE ELEGANTE Actuación musical con PELEPAU



A NOITE NO CASTRO

TEATRO COMUNITARIO DE SEDES

SÁBADO 27 ÁS 22.30H

Un dos momentos máis esperados do Oenach Atlántico, son as recreacións teatrais que fan os veciños sobre a vida cotiá nos castros. Ao igual que nas anteriores edicións, poderemos gozar da posta en escena por parte do teatro comunitario de Sedes de dúas pezas escénicas.

Nesta edición, na tradicional "Noite no castro", farase unha representación de temática fantástica, situada na época castrexa. Este pobo poñerá sobre o escenario temas atemporais para reflexionar sobre a nosa sociedade e a súa relación co medio ambiente na actualidade.

Nesta edición as veciñas e veciños de Sedes representan no Oenach a obra 'BUSCANDO A FARA' escrita por Juan Padin e Pepablo Patinho.

SINOPSE:

Fara perdeu aos seus pais sendo nena tendo unha vida difícil e busca refuxio no castro de Eiravedra. Alí coñece a Gaia, unha muller que só pode ver ela. Gaia estará sempre nos momentos claves da súa vida e axudará a Fara a ser feliz.

AS RECREACIÓNS TEATRAIS NA CAMPA

TEATRO COMUNITARIO DE SEDES

DOMINGO 29 ÁS 13H

A conquista de Gallaecia. Xénero: Comedia. Duración 30 min aproximadamente.

Trátase da representación dunha pequena comedia histórica de cando os romanos conquistaron Gallaecia.



MOSTRA DE ARTESANÍA

Dentro das actividades que compoñen esta nova edición do Oenach Atlántico estará a Mostra de Artesanía, composta por unha selección de artesás e artesáns que exhibirán diversos produtos de alta calidade vinculados á vida e á cultura celto-galaica.

A zona de expositores estará situada baixo a pergola, mantendo o contacto entre a zona de concertos e a barra e a campa castrexa, garantindo así o tránsito do público asistente polos postos e, polo tanto, outorgándolle á mostra a relevancia e visibilidade que merece dentro do conxunto de actividades.



REPRESENTACIÓN DE OFICIOS NA CAMPA

Ademais, as persoas que visiten o Oenach Atlántico 2019 tamén poderán desfrutar dunha serie de recreación de oficios na campa:

- Tecidos
- Oleiría
- Talla de madeira
- Canteiría
- Cestería



ESPAZO GASTRONÓMICO

Durante o evento habilitarase un espazo de gastronomía para o público que queira quedar a desfrutar das actividades do Oenach durante toda a xornada.



PROGRAMACIÓN ARTÍSTICA





LEILÍA

Leilía nace no ano 89 cando seis mulleres se xuntan para recuperaren do esquecemento a tradición oral galega. Ao son de pandeiretas e voces, pronto van agromando os froitos. A mediados dos 90 chega o louvado Leilía (Dismedic) composto exclusivamente por pezas tradicionais. O seguinte reto será achegar a música do pasado ao presente, por medio da incorporación de instrumentos e polifonías non tradicionais. Ás portas do 2012 sae á luz CONsentimento, un disco no que apenas tres instrumentos -guitarra, acordeón e contrabaixo- abeiran á perfección a beleza do canto tradicional e os versos de varias poetas galegas da actualidade: Ana Romaní, Yolanda Castaño, Eva Moreda, Mariña Pérez, Eva Veiga, Ana Amado e Marilar Aleixandre.

Máis de vinte anos despois do seu debut, Leilía volve sorprendernos cun espectáculo impecable, maduro e fiel ás súas raíces, con posta en escea do xenial Quico Cadaval.

Poderás cantar, rir, chorar e ata rematarás bailando (aínda que non sexa o teu) con CONsentimento.



CUARTETO RINCHÓN

Trátase dun quarteto de raíz tradicional cunha proposta renovada, no tocante á musicalidade que nos ofrecen, na que este grupo recupera ritmos da primeira metade do século XX de ambos lados do Atlántico.

Durante o Oenach, o quarteto Rinchón ofrecerá as súas músicas de acordeón aderezadas con outros instrumentos. Un cóctel musical que logrará facer bailar ao público, enchendo de ritmo e festividade o vixésimo aniversario do Oenach.



TIRULEQUE

Tiruleque naceu como banda na Coruña en 2002, ano no que se reuniron cinco rapaces procedentes da música tradicional e cunhas inquedanzas musicais compartidas. En febreiro de 2018 publican “Outro que tal baila”, o seu terceiro traballo discográfico, un repertorio orientado á música de festa e de baile, explorando novas posibilidades partindo da música galega. O título do álbum significa unha auténtica declaración de intencións, xa que define perfectamente o espírito deste grupo que, disco tras disco, busca promover música bailable con pura raíz galega.



RILO&PENADIQUE - "O POZO DAS SEÑORAS"

Vero Rilo e Sonsoles Penadique inician unha nova aventura en común, unha compañía na que se atopan a increíble forza dunha contadora que ven a anovar o panorama da narración galega e unha instrumentista que aporta unha gran presenza musical e teatral na escena. "Xuntáronse o amor pola literatura e a palabra dita co amor pola música e o universo da infancia. E aquí estamos...".



MAMÁ CABRA - "DEVERIBÉS"

Gloria é a voz e unha das fundadoras de MAMÁ CABRA, o grupo pioneiro especializado en música infantil galega que leva xa 15 anos regalándonos cancións. Dende o seu primeiro libro-CD Cantos rodados xa son moitos os traballos publicados por este grupo.

Gloria, acompañada por unha banda, fai neste concerto un percorrido polos mellores éxitos da banda, cancións que ao longo destes anos xa quedaron nas nosas memorias e que seguen facendo fans miúdos aló por onde pasan.



BANDA DE GAITAS PADROADO DE CULTURA DE NARÓN



GRUPO DE DANZA ALXIBEIRA PADROADO DE CULTURA DE NARÓN

PELEPAU



Pelepau nacen en Vigo no ano 2010, formado por 11 percussionistas todos eles mestres en escolas e agrupacións de música e danza tradicional galega e de recoñecida traxectoria no panorama musical galego. A proposta de Pelepau, e a do seu primeiro traballo discográfico “Fio e Agulla” baséase nunha mestura de cancións de taberna de diferente procedencia (galegas, brasileiras, uruguaias, sefardíes, africanas,...) adaptadas para voces e percusións tradicionais cunha posta en escea dinámica e en constante interacción co público. Un percorrido pola música popular galega, mesturada e influenciada polos ritmos tradicionais destas culturas que durante anos e hoxe mesmo conviven na colectividade emigrante galega, interpretadas cun pouco de humor.



CÍA. PAPORRUBIO

"Os xogos do Paporrubio" é un compendio de xogos autónomos e animados de temática agraria que nos dan a coñecer un dos paxaros máis pequenos, rebuldeiros e cantaruxeiros da nosa fauna. O noso paporrubio, calzado cuns zoquiños, guía a nenos e maiores por unha eira chea de xogos. Os participantes nesta aventura terán que ir descubrindo como se xoga a algúns dos xogos, mentres que se sorprenderán noutros deles grazas ás pequenas historias contadas e cantadas polos animais e habitantes da granxa, elaborados con xoguetes, marionetas e xigantes.



ELEFANTE ELEGANTE - 'A DANZA DA CHOIVA'

Que acontecería se de súpeto deixáse de chover? Non durante un mes, un verán ou un ano, senón para sempre? Esta é a pregunta que coloca a DANZA DA CHOIVA, un espectáculo sen palabras onde conviven o teatro xestual, a danza, a manipulación de obxectos e os monicreques. A DANZA DA CHOIVA trata un tema serio a través dunha posta en escena poética e visual. Os seus efectos cómicos, plásticos e oníricos advirten e divirten o público familiar e infantil a partir dos 3 anos.

OBRADOIROS



Os membros de Árbore son arqueólogos con especialidade en Prehistoria. Contan cunha dilatada experiencia profesional en diferentes eidos, vencellados a proxectos de investigación, ao mundo da arqueoloxía de campo e á divulgación e didáctica, tendo en común o paso pola USC, o INCIPIT- CSIC e o Parque Arqueolóxico de Campo Lameiro, así como experiencia en España, Portugal e Irlanda.

Os seus intereses son moi amplos, e van dende o pasado remoto aos oficios e tradicións do século pasado, factor que tentan reflectir nas súas actividades, cun alto grao de transversalidade.

REXISTRO DE PETRÓGLIFOS

Neste obradoiro @s participantes achegaranse á arte rupestre galega traballando con réplicas en granito sobre os que experimentarán cunha das técnicas tradicionais de rexistro: o frottage

TRANSFORMAR E PERFORAR

A actividade achega @s participantes o perforador prehistórico ou tradicional, unha ferramenta manual usada ó longo do tempo e por diferentes culturas, incluída a tradicional galega. @s participantes perforarán unha pequena peza cerámica decorada e cocida ou de madeira para elaborar o seu propio colgante castrexo que levarán de recordo.

LUME!

O lume é unha das maiores descubertas da humanidade, tanto que marcou para sempre diferentes aspectos na nosa vida cotiá e da nosa tecnoloxía. Coa axuda de exhibicións e o apoio dos monitores amosaremos @s participantes diferentes xeitos de acendelo, facendo un percorrido transversal pola prehistoria e o mundo galaico.

CRUZ DE SANTA BRIGIDA

O día da festa de Santa Brígida cae na festividade pagana gaélica de Imbolc marcando o inicio da primaveira. Coa axuda de sacapipas e réplicas amosaremos como se realizan estas cruces para que cada participante leve a súa co fin de protexerse dos espíritos malignos.

GRAFFITIS PREHISTÓRICOS

O obradoiro ten como obxectivo que @s participantes se acheguen ó arte rupestre experimentando coa técnica do estarcido, mediante réplicas e a utilización e construción dun aerógrafo, a partir dun par de palliñas e unha cunca.



OBRADOIROS

MARÍA MARTÍN E ANTONIO CUBAS

TALLER DE TAPICES E PROCESO DA LA

Ofrecemos un taller demostrativo e participativo: Nun tear de “alto lizo” , faise a demostración do tecido artesanal utilizando na súa elaboración distintos tipos de materiais de orixe animal como la e seda, ou fibras vexetais: algodóns, rafia, liño, raión e pita. Na elaboración do tapiz empréganse distintas técnicas no tecido: nó turco, tafetán, cadenetas ,conseguindo volumes e texturas que fan que cada tapiz sexa unha peza única.

ARTE PASTORIL

Nos longos e lentos camiños da trashumancia, sobra o tempo. Tempo que os pastores aproveitan para xogar coas súas navallas e cos materiais que recollen do seu entorno: corcho, madeira, óso e corno. Pouco a pouco e con gran habilidade transforman en útiles e obxectos decorativos calquera material que atopan e, por encargo dos veciños dos lugares que cruzan, fabrican verdadeiras marabillas. Neste taller, pretendemos dar a coñecer algúns destes obxectos como os fabricados de asta: cornos de chamada, colodras (fiambreiras), cazos de beber, cazos para gardar a pedra de afiar e a navalla, recolledores de pelo, peinetas, polvoríns, recipientes para viño, aceite e vinagre... En corcho: caixas decoradas con motivos rexionais, útiles para o sal, para colgar as culleres, xoieiros... En óso: culleres, navallas, pendentos, agullas, punzóns, caixas... Será un pretexto para charlar, recordar, cambiar impresións e informar do proceso de elaboración a todo o que o desexe. Faremos un alto no tempo e, desfrutando, recordaremos tempos pasados que non debemos esquecer.

